

9º. XURADO

O xurado estará formado, como mínimo, polos seguintes membros: un/unha profesional da fotografía, un/unha representante da Concellería de Educación do Concello do Grove, un/unha representante da Concellería de Medio Ambiente do Concello do Grove e un/unha funcionari/a da Administración local que actuará en calidade de secretario/a do xurado. O xurado, cuxas decisións serán inapelables, será dado a coñecer co ditame del premio. Facultarase o xurado para dilucidar sobre todas as cuestións non previstas nestas bases que poidan xurdir durante o desenvolvemento do concurso.

10º. PREMIOS

Dous premios de 100 € en cheques regalo para cambiar en calquera dos comercios do Centro Comercial Aberto De Tendas do Grove. Concederase un premio por categoría, un para os niveis de 5º e 6º de primaria e outro para os niveis de 3º e 4º de secundaria. Todas as fotografías formarán parte dunha exposición fotográfica que se realizará na Casa da Cultura do Grove.

11º. PROPIEDAD DAS IMAXES

As fotografías gañadoras pasarán a ser propiedade do Concello, reservándose este o dereito de seren utilizadas en promocións ou publicacións posteriores, ou no que considere oportuno que estea dentro da temática da convocatoria.

12º. DATA DE ADMISIÓN DOS TRABALLOS E DATAS DE RESOLUCIÓN DO CONCURSO

- Período de achega dos traballos: do 15 de abril ao 3 de maio de 2013.
- Datas de valoración do xurado: do 13 ao 15 de maio de 2013.
- Data de entrega dos premios: 5 de xuño (lugar por confirmar).

O Grove, abril de 2013



BASES

A Concellería de Educación convoca o II Concurso de Fotografía Medioambiental Concello do Grove para escolares, con motivo da celebración, o 5 de xuño, do Día Mundial do Medio Ambiente.

1º. OBXECTO DO CONCURSO

Concienciar a poboación grovense sobre as causas, os efectos e as solucións asociadas ao cambio climático e á perda da biodiversidade.

2º. PARTICIPANTES

A este concurso poderá presentarse todo o alumnado do último ciclo de primaria e do último ciclo de secundaria de todos os centros públicos do concello do Grove, establecéndose un máximo de dúas fotografías por autor participante.

3º. CATEGORÍAS

- 5º e 6º de primaria
- 3º e 4º de secundaria

4º TEMÁTICA

As imaxes farán referencia á biodiversidade e outros aspectos relacionados co medio ambiente do municipio:

- Retratos naturais: imaxes que capturen recursos naturais de flora e fauna.
- Boas prácticas medioambientais: que se convertan en chamadas de atención para expresar, con especial sensibilidade, o respecto polo medio ambiente.
- Malas prácticas medio ambientais: imaxes que reflectan este tipo de feito.

5º. REQUISITOS DAS IMAXES

As fotografías deberán ser inéditas e non ter sido premiadas nin recoñecidas ou seleccionadas noutros certames ou convocatorias similares. Serán excluídas aquelas fotografías que sexan retocadas, *collages*, montaxes ou fotografías pintadas.

Se na fotografía aparecen imaxes de persoas, serán tratadas conforme á Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.

6º. FORMA DE PRESENTACIÓN E ENVÍO DAS FOTOGRAFÍAS

- Os traballos presentados serán orixinais e realizados en branco e negro ou en cor, e terán un formato de 30x21 cm (DIN A4).
- As fotos irán montadas sobre cartolina da cor que o autor/a considere, e acompañadas dunha copia en soporte dixital nun CD en formato JPG.
- As imaxes irán acompañadas nun folio anexo dos seguintes datos:
 - Título da fotografía
 - Breve explicación do contido
 - Lugar onde foi feita
 - Nome, apelidos e idade do alumno/a participante
 - Centro de estudos, curso e grupo ao que pertence
 - Teléfonos de contacto
 - Autorización, se fose o caso, da persoa ou persoas que aparezan nas imaxes

7º. AVALIACIÓN DOS TRABALLOS

Faranse segundo as seguintes fases:

- O alumnado participante entregarlles os seus traballos aos seus respectivos titores/as
- Representantes municipais recollerán os traballos.
- Os traballos serán valorados polo xurado designado, e os criterios de avaliación serán os especificados nos puntos 8 e 9.

8º. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios de valoración basearanse na:

- Creatividade
- Orixinalidade
- Adecuación ao tema
- Capacidade e claridade de transmitir a mensaxe
- Grao de contribución á sensibilización e concienciación ambiental na poboación escolar